

**BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO CELEBRADA
O DÍA 15 DE DECEMBRO DO 2011.**

Na casa do Concello de Barro, ás vinte horas trinta minutos do día quince de decembro de dous mil once, reúnese o Pleno deste concello.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. José Antonio Landín Eirín.

Do Partido Popular:

Dna. M^a Teresa Roig Olona.

Dna. Rosa Varela Magariños.

D. Manuel Fontán Outón.

D. Eduardo Iglesias González

D. Manuel Rivas Reboredo

Do BNG:

D. Xosé Manuel Fernández Abrales

Dna. M^a Xesús Castro Calviño.

D. Roberto Rivas Reboredo

Do PSOE

D. José Sanmartín Soto.

Dna. María Margarita Canay Pintos.

Secretario:

D. Xesús Rodríguez Castro.

ORDE DO DIA

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

2.- APROBACION DEFINITIVA DO DOCUMENTO DO PLAN DE SECTORIZACIÓN DO SOLO URBANIZABLE INDUSTRIAL OUTEDA-CURRO E ADDENDA SUBSANACION DEFICIENCIAS EN EXECUCION DE SENTENCIA DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA DE DATA 24.02.2011

3.-APROBACION INICIAL DA MODIFICACION PUNTUAL Nº2 DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIAPA.

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

Comprobada a existencia de quórum para a válida realización da sesión, declárase aberta e éntrase a trata-los asuntos incluídos na orde do día.

1.- APROBACIÓN ACTA SESIÓN ANTERIOR.

Dada conta da acta anterior de data 15.11.2011, formulanse as seguintes observacións. Punto 1: en lugar de mes de outubro debe decir mes de setembro. No punto 2.3. ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVICIO FACULTATIVO QUE SE PRESTEN NAS OBRAS MUNICIPAIS o quorum do acordo de aprobación foi por UNANIMIDADE.

Aprobase por unanimidade a acta coas observacións sinaladas.

2.- APROBACION DEFINITIVA DO DOCUMENTO DO PLAN DE SECTORIZACIÓN DO SOLO URBANIZABLE INDUSTRIAL OUTEDA-CURRO E ADDENDA SUBSANACION DEFICIENCIAS EN EXECUCION DE SENTENCIA DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA DE DATA 24.02.2011

Dase conta o pleno dos seguintes:

ANTECEDENTES.

I) En execución das previsions contidas no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Barro, aprobado definitivamente pola corporación municipal en sesión plenaria de 23 de maio de 2003 - Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 118 de 20 de xuño de 2003-, e ao obxecto de promover o desenvolvemento urbanístico do sector de solo industrial SRAU Outeda –Curro, o Concello de Barro procedeu á elaboración e tramitación do correspondente Plan de Sectorización para dito ámbito.

II) Así, en sesión plenaria do 27 de xullo de 2004, deuse aprobación inicial ao referido Plan de sectorización e Plan Parcial SRAU Outeda-Curro, redactado polo arquitecto D. Antonio Labrador Toquero. O seu sometemento a exposición pública fíxose mediante anuncio publicado no Diario Oficial de Galicia nº 171 de 2 de setembro de 2004.

III) Iniciada a tramitación deste instrumento de planeamento secundario, o Pleno da corporación municipal en sesión de 17 de marzo de 2005 aprobou a creación do Consorcio entre a Deputación provincial de Pontevedra, o Concello de Barro e o Concello de Meis para o desenvolvemento industrial dos municipios de Barro e Meis.

IV) Mediante anuncio publicado no D.O.G. nº 179 de 16 de setembro de 2005 someteuse tamén a información pública o Estudo de impacto ambiental do plan de sectorización.

V) Tralos trámites de rigor, constan recabados e emitidos os oportunos informes técnicos e sectoriais de pertinente esixibilidade, por outros, o Informe favorable da Dirección xeral de Calidade e Avaliación ambiental da Consellería Medio Ambiente, sobre a necesidade dun Estudo de impacto ambiental, de data 16 de setembro de 2004, Informe favorable da Dirección xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de

Cultura e Deporte sobre a autorización dunha prospección arqueolóxica, da data 7 de xullo de 2005, Informe favorable do mesmo departamento autonómico emitido en relación co Estudo de impacto cultural de 27 de outubro de 2005, Informe favorable de Augas de Galicia da Consellería de Medio Ambiente en relación co Estudo de impacto ambiental, de data 29 de novembro de 2005, Informe da Dirección xeral de Conservación da natureza, da Consellería de Medio Ambiente e desenvolvemento sostible, no que se considera que non se preven afeccións aos valores naturais, de data 13 de decembro de 2005, Declaración de Impacto Ambiental pola Dirección xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente e desenvolvemento sostible, de data 16 de marzo de 2006, con publicidade no D.O.G. nº 69 de 6 de abril de 2006, e Informe técnico municipal previo á aprobación provisional, de data 8 de maio de 2006.

VI) Ecomendada á empresa Enxeñeiros e Arquitectos Consultores IDOM S.A. a elaboración do documento previo á aprobación provisional, éste é finalmente elaborado no mes de abril de 2006.

VII) Nesta orde de antecedentes, o Pleno do Concello na súa sesión de 8 de maio de 2006 deu aprobación provisoria ao Plan de sectorización de solo industrial Outeda-Curro.

VIII) Unha vez efectuada a aprobación provisional do Plan, recábase da Consellería de Política territorial, obras públicas e transportes o Informe previo á aprobación definitiva, informe que é emitido polo devandito departamento autonómico con data 28 de xullo de 2006, cun alcance claramente favorable á súa aprobación definitiva.

IX) O plan de sectorización é aprobado definitivamente por acordo plenario de 24 de agosto de 2006, publicado no B.O.P. de Pontevedra nº 175, de 12 de setembro de 2006 e D.O.G. nº 174, de 8 de setembro de 2006.

XI) Previsto como sistema de actuación o instituto expropiatorio, por taxación conxunta, o Concello de Barro acometeu a expropiación de tódalas fincas de orixe emprazadas dentro do referido sector, resultando beneficiario da expropiación o IPESPO, organismo autónomo da Deputación Provincial de Pontevedra, creado por dita entidade provincial coa finalidade de promocionar e xestionar solo industrial e de equipamentos empresariais na provincia.

XII) Deste xeito, o IPESPO asumiu a realización das obras de urbanización do propio sector así coma as obras de urbanización exteriores para a conexión do Parque empresarial cos sistemas xerais, actuacións todas elas que se atopan nun avanzado estado de execución. Ao mesmo tempo, o IPESPO convocou os correspondentes concursos de alleamento das parcelas de resultado co fin de garanti-la posta no mercado de suficiente solo industrial, en función da demanda empresarial existente, para a localización de industrias e a implantación de actividades económicas que favorezan o desenvolvemento económico e a promoción do emprego.

XIII) Interposto contra o devandito acordo plenario un recurso contencioso

administrativo por don José Abal Eirín e outros 95 veciños máis, que se sustanciou perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia baixo o número de procedemento ordinario 4556/2006, por sentenza dese Tribunal rexional de 24 de febreiro de 2011 acordouse a estimación do citado recurso, anulando, en consecuencia, o acordo plenario que deu aprobación definitiva ao instrumento de planificación urbanística deste sector de solo urbanizable.

XIV) Á vista dos fundamentos xurídicos que se incorporan no texto da sentenza, o Tribunal Superior de Xustiza substentou a súa *ratio decidendi* na pretendida insuficiencia das redes de saneamento e abastecemento de augas diseñadas polo Plan de sectorización, o que traería causa, segundo razoa o órgano xudicial, do suposto incumprimento do plan de sectorización verbo dos condicioados que se expresan no Informe da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes da Xunta de Galicia, de 28 de xullo de 2006, emitido con carácter previo – e con alcance favorable - ao acordo plenario que deu aprobación definitiva ao plan de sectorización.

Neste senso, a Sentenza de 24 de febreiro de 2011 razoa o seguinte:

“ ... cumplidas las formalidades señaladas en el artículo 86.1 de la LOUPMRG, informó el departamento autonómico favorablemente el plan de sectorización, pero sujeto a dos condicionantes, uno de los cuales exigía que se incorporaran al expediente los informes técnicos de las compañías suministradoras de los servicios urbanos, a fin de justificar su suficiencia y, en su caso, fundamentar las obras de ampliación y refuerzo necesarias, todo ello en cumplimiento de lo dispuesto en los artículos 57.1.d) y 64.h) de la ley antes citada, previsiones ajustadas a la realidad de las cosas, pues el documento técnico del plan de sectorización ya avanzaba que no existía red de saneamiento en el entorno del ámbito del polígono, mientras que el sistema de abastecimiento de agua al conjunto del término municipal (incluido tal polígono) era insuficiente (punto 2.4), para lo cual se proponía establecer una red de saneamiento de aguas residuales (punto 3.3.4.2) y otra de abastecimiento de agua potable que debía conectarse al lejano depósito de San Antoniño (punto 3.3.4.3), soluciones que no eran suficientes para garantizar la efectividad de tales servicios, pues así lo consideró el departamento autonómico, conclusión que se queda adverada con el informe pericial aportado a autos y, sobre todo, con los “hechos de nueva noticia” que refiere y documenta con todo detalle el letrado de la parte demandada.

Como bien indica en sus conclusiones la parte actora, con cita de la sentencia de esta sala de 24.07.08, no cabe sanar, “ a posteriori” los vicios que presenten los actos impugnados, que es lo que pretende la adversa, por lo que debe acogerse este motivo y anular el plan de sectorización que indebidamente aprobó el acuerdo plenario de 24.08.06 impugnado”.

De acordo cos fundamentos que se incorporan a dita sentenza, o Tribunal Superior de Xustiza anulou o acordo recorrido ao considerar insuficientemente acreditadas as

solucións técnicas que propoñía o plan de sectorización verbo das redes de saneamento e abastecemento de augas, incumprimento que traería á súa vez causa no feito de non se ter incorporado ao expediente, con carácter previo á aprobación definitiva do Plan, os informes técnicos das compañías subministradoras dos servizos urbanos, a fin de xustificar a súa suficiencia e, no seu caso, fundamenta-las obras de ampliación e reforzo necesarias desas redes de servizos, tal e coma así prevía nos seus condicionamentos o Informe favorable da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes da Xunta de Galicia, de 28 de xullo de 2006, emitido con carácter previo ao acordo plenario recorrido.

O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia non cuestionou, por tanto, que as solucións técnicas propostas polo plan de sectorización en relación cos servizos urbanos básicos fosen incorrectas ou inviables, senon unicamente que non se xustificara documentalmente a súa suficiencia.

XV) No entendemento de que a devandita sentenza era contraria a Dereito, o Concello de Barro interpuxo recurso de casación perante o Tribunal Supremo, que se substancia baixo o número de recurso 8/4194/2011, e que se atopa aínda en tramitación.

XVI) Nembargantes, e sen prexuízo do resultado deste recurso casacional, o Concello de Barro, por mor de evitar unha innecesaria dilación da situación de inseguridade xurídica na que se atopa neste momento o proceso de desenvolvemento do sector, e co obxecto de evitar maiores prexuízos tanto aos actuais propietarios das parcelas de resultado alleadas polo IPESPO coma a terceiros, asumiu a necesidade de dar estricto cumprimento á sentenza emitida polo Tribunal Superior de Xustiza, encomendado ao equipo redactor do plan de sectorización, a mercantil ENXEÑEIROS E ARQUITECTOS CONSULTORES IDOM, S.A., a elaboración dun documento de subsanación de deficiencias do Plan de sectorización.

Trátase, por tanto, de proceder a unha execución provisoria dunha sentenxa xudicial que non é firme, e que para o suposto de resultar casada polo Tribunal supremo non tería incidencia na ordenación que no seu día foi definitivamente aprobada polo Pleno do Concello na súa sesión de 24 de agosto de 2006, xa que, nese hipotético suposto, o acordo que agora sería adoptado sería un acto meramente confirmatorio daquel acordo precedente, o non afectar a ningún parámetro da ordenación que no seu día foi definitivamente aprobada.

XVII) Elaborado dito documento polo equipo redactor, rubricado *“Addenda para a subsanación de deficiencias en execución de sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de data 24 de febreiro de 2011, en relación co Plan de sectorización do SRAU Industrial Outeda-Curro, do Concello de Barro”*, someteuse o mesmo a consideración do departamento autonómico competente en materia de ordenación do territorio e urbanismo.

A devandita Addenda compónse dos seguintes documentos:

1. MEMORIA, estruturada baixo os seguintes epígrafes:

1. Obxecto; **2.** Antecedentes (2.1.Introducción; 2.2. Desenrolo do ámbito SRAU-Industrial Outeda-Curro; 2.3. Convenios e acordos para a execución de infraestruturas - Convenio entre CMATI, EPOSH, IPESPO, concello de Barro e concello de Portas, - Convenio entre IPESPO e UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A., - Acordos adoptados polo concello de Barro en relación coa EDAR-; 2.4. Proxectos de infraestruturas exteriores ao ámbito); **3.** Alcance da Addenda; **4.** Solicitud de Informes ás empresas subministradoras; **5.** Informes das empresas subministradoras; **6.** Infraestruturas contempladas no Plan de Sectorización (redes existentes e redes proxectadas); **7.** Trazado actual de redes e fase de execución; **8.** Xustificación da suficiencia das redes propostas no Plan de Sectorización

ANEXO I: INFORMES DAS EMPRESAS SUBMINISTRADORAS:

1. Informe municipal sobre abastecemento e saneamento. **2.** Informe de Unión Fenosa Distribución, S.A. sobre a suficiencia do subministro eléctrico. **3.** Informe de Telefónica sobre a suficiencia da rede de telecomunicacions.

ANEXO II: CONVENIOS DE COLABORACIÓN E ACORDOS

1. Convenio entre CMATI, EPOSH, IPESPO, concello de Barro e concello de Portas. **2.** Convenio entre IPESPO e Unión Fenosa Distribución, S.A. **3.** Acordo adoptado polo concello de Barro en relación co proxecto de abastecemento. **4.** Acordos adoptados polo concello de Barro en relación coa EDAR.

ANEXO III: CERTIFICACIONES DE OBRA EXECUTADA

1. Certificación relativa ao grao de execución da obra contida na fase I do proxecto de abastecemento. **2.** Certificación relativa ao grao de execución da obra contida no proxecto de urbanización (que inclúe as obras correspondentes á fase II do proxecto de abastecemento).

ANEXO IV: CERTIFICACIONES DE OBRAS LICITADAS PENDENTES DE ADXUDICACION.

1. Certificación de aprobación do expediente de contratación da obra correspondente ó proxecto de canilización da LAT 66/Kv desde a liña Tibo-Mourete ata a subestación do Conxunto Industrial Barro-Meis. **2.** Certificación de aprobación do expediente de contratación da redacción do proxecto e execución da obra da estación depuradora de augas residuais (EDAR) para o conxunto industrial Barro-Meis.

ANEXO V: INFORMES DE SUFICIENCIA DA EDAR.

1 Informe de suficiencia da estación depuradora de augas residuais (EDAR) para o Conxunto Industrial Barro-Meis emitido polo Director de Traballo do IPESPO. **2.** Informe municipal de suficiencia da estación depuradora de augas residuais (EDAR) para o

conxunto industrial Barro-Meis.

XVIII) Con data 24 de novembro de 2011, emítase Informe favorable pola Secretaría Xeral de Ordenación do territorio e urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, cuxo teor literal dí:

“ Examinado o documento denominado “Addenda para a subsanación de deficiencias en execución de sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de data 24 de febreiro de 2011, en relación co Plan de sectorización do SRAU Industrial Outeda-Curro, do Concello de Barro”, remitido polo Concello de Barro mediante escrito con rexistro de entrada na Xunta de Galicia de data 17/11/11, redactado pola Consultora IDOM S.L., e asinado en 11/11/11 polos arquitectos D. Daniel González Frnaco e Dna. Matilde Álvarez Rodríguez.

E visto o informe suscrito pola Subdirección xeral de Urbanismo.

Púdose comprobar que o documento de referencia dá cumprimento aos condicionamentos formulados no INFORME FAVORABLE emitido en data 28/07/06, con carácter previo á Aprobación definitiva do Plan de sectorización redactado en desenvolvemento do Sólo Rústico Apto para Urbanizar Industrial, no lugar de Outeda, do Concello de Barro.

Polo que en consecuencia, se informa favorablemente”.

XIX) Á vista do propio Informe emitido polo departamento autonómico competente en materia de ordenación do territorio e urbanismo así como do contido da Addenda elaborada polo equipo redactor, infírese que dito documento non contempla, por tanto, modificación algunha verbo dos parámetros da ordenación que foi sometida, no seu día, a consideración do Pleno da corporación para a súa aprobación definitiva, nin, por tanto, do Documento que fora previamente informado pola mesma Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes da Xunta de Galicia, no seu Informe previo á aprobación definitiva do plan, de data 28 de xullo de 2006.

Por tanto, a Addenda elaborada polo equipo redactor non supón modificación algunha das redes de servicios interiores do sector, limitándose a xustificar, unicamente, a suficiencia das conexións exteriores.

XX) En efecto, analizado o contido da Addenda, obsérvase que nela se contén unha ampla exposición do seu alcance e contido, describindo as infraestructuras dos servizos urbanos mínimos que contempla o Plan de Sectorización relacionadas co abastecemento de auga potable, a evacuación de augas residuais e o subministro de enerxía eléctrica, tanto das que existían no ámbito con carácter previo ao seu proceso de desenvolvemento como das proxectadas polo propio plan .

Intégranse no documento os informes solicitados ás empresas subministradoras dos servizos urbanos mínimos antes descritos, en relación coa suficiencia das infraestructuras e servizos existentes, analizándose asemade o alcance dos diferentes

convenios de colaboración e acordos adoptados entre as diferentes administracións públicas implicadas, determinadas empresas subministradoras de servizos e outros entes públicos.

Por último, a Addenda xustifica, para cada un dos servizos urbanos mínimos, a suficiencia e a capacidade das redes propostas para garanti-la efectividade dos servizos proxectados, asegurando o seu correcto funcionamento e a cobertura das necesidades e demandas xeradas pola actuación.

XXI) Entre os Convenios e acordos acadados para a execución das infraestruturas xerais, incóporase á Addenda o Convenio de Colaboración subcrito o 10 de novembro de 2009 entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras (CMATI), a Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (EPOSH), o Instituto para a promoción e equipamento do solo industrial da provincia de Pontevedra (IPESPO), o Concello de Barro e o Concello de Portas, para a execución das obras de abastecemento ao Polígono Industrial de Barro-Meis (SRAU-Industrial Outeda-Curro y SUI-1 Barro, y SUI-2 Meis), así coma unha Addenda ao citado convenio de data 2 de novembro de 2010.

De acordo coas previsions contidas no referido Convenio, o importe das obras proxectadas ascenden a 3.362.059,44 € (IVA incluído), e consistirán nas seguintes actuacións:

- . Captación da auga potable no río Chaín (térmo municipal de Portas).
- . Conducción dende a captación á futura Estación de Tratamento de Auga Potable (ETAP), dimensionada para 38,74 l/s (37 l/s para o conxunto industrial e 1,74 l/s para a parroquia de Briallos no concello de Portas).
- . Bombeos e impulsions dende a ETAP ata o depósito de regulación ubicado no polígono industrial Barro-Meis e ata o depósito de regulación de Briallos.
- . Depósito de regulación do conxunto industrial de Barro-Meis, de 3.808 m³ (fase II non incluída no citado presuposto; incluída no presuposto do plan de sectorización e proxecto de urbanización, e promovida polo IPESPO).
- . Conexión do depósito de regulación anterior coa rede interior do SRAU-Industrial Outeda-Curro (fase II non incluída no citado presuposto; incluída no presuposto do plan de sectorización e proxecto de urbanización, e promovida polo IPESPO), de xeito que os polígonos SUI-1 Barro y SUI-2 Meis conectarán directamente a esta red.
- . Instalacions de mando e control.
- . Instalacions para o subministro eléctrico de tódolos elementos.

XXII) Partindo deste escenario, o Consello Rector do IPESPO aprobou primeiro o Proxecto Constructivo de Abastecemento de Auga ao conxunto Industrial Barro-Meis, en Pontevedra (Fase I y Fase II), en sesión celebrada o día 17 de decembro de 2008, que foi posteriormente obxecto dunha Modificación puntual que afecta á Fase I.

As obras da Fase I foron adxudicadas definitivamente por Resolución de 30 de xuño

de 2010 á empresa ESPINA OBRAS HIDRÁULICAS, S.A., firmándose o contrato o 7 de xullo de 2010. As obras iniciáronse nese mesmo mes, e a súa execución, por un importe total de 2.773.699,04 euros (IVA incluído), está cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) nun setenta por cento.

As obras incluídas na Fase II, é dicir, o depósito de regulación e mais a condución dende éste ata o conxunto industrial de Barro-Meis, inclúanse no orzamento do plan de sectorización SRAU-Industrial Outeda-Curro e no correspondente proxecto de urbanización, promovido polo IPESPO.

XXIII) Asemade, incorpórase á Addenda o denominado “Convenio entre o IPESPO e UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A., de data 21 de decembro de 2010, para a construción dunha Líña de Alta Tensión e unha Subestación na zoa de Barro”, cuxo réxime de reciprocidade obrigatoria garante o subministro de enerxía eléctrica ao polígono.

De acordo coas previsións contidas no citado Convenio, realizaríanse as seguintes actuacións na rede de distribución de electricidade:

- Construción dunha Subestación Eléctrica 66/20 kV, 2x15 MVA, no polígono industrial SRAU-Industrial Outeda-Curro, promovido polo IPESPO.
- Construción dun tramo de liña soterrada de Alta Tensión en dobre circuito (Entrada/Saída) de 66 kV, con orixe no apoio 268 da L.A.T. Tibo-Mourente ata a subestación de Barro anteriormente citada.

O orzamento de execución destas infraestruturas eléctricas ascenden á cantidade de 7.191.270,82 €.

Por razón de dito Convenio, UFD asumiu o compromiso de redactar e tramitar perante a Consellería de Economía e Industria o Proxecto Eléctrico das instalacións eléctricas de Alta Tensión (L.A.T. 66 kV e Subestación 66/20 kV con dous transformadores de 15MVA), e a executa-las obras do Circuito de alimentación en 66 kV con orixe no apoio 268 da L.A.T. Tibo-Mourente (exceptuando a execución da partida de obra civil da canalización para o dobre circuito en 66 kV segundo estudio aportado por UFD, que será executada polo IPESPO), así como a construción da Subestación de 66/20 kV con dous transformadores de 15 MVA, e as posicións de MT necesarias para atender aos polígonos industriais do entorno.

Pola súa banda, o IPESPO asumiu o compromiso de executa-la obra civil da canalización do dobre circuito da Líña de Alta Tensión, correspondendo a éste a obtención dos permisos e autorizacións necesarias para elo, así como a obriga de ceder a UFD o uso das parcelas RI-01 e parte da E20 do SRAU-Industrial Outeda-Curro, para albergar-la instalación da nova Subestación.

XXIV) Partindo deste acordo de colaboración, Unión Fenosa Distribución xa redactou o proxecto eléctrico, que contén a infraestrutura eléctrica necesaria para dar subministro aos cinco polígonos industriais da zoa, isto é, a liña de alta tensión L.A.T.

66 kV e a subestación eléctrica 66 kV/20kV.

XXV) Pola súa banda, o Consello Rector do IPESPO, en sesión celebrada o día 25 de marzo de 2011, aprobou o expediente de contratación, por procedemento aberto, da execución da obra *“Proxecto de canalización da Líña de Alta Tensión L.A.T. 66 kV dende a liña Tibo-Mourente ata a subestación do complexo industrial de Barro-Meis”*, que sacou a licitación o 29 de marzo deste ano por un importe total de 839.711,60 €. Esta obra será executada seguindo as indicacións de UFD, nun prazo máximo de 24 meses, a contar dende a sinatura do citado convenio.

XXVI) Por outra banda, no D.O.G. n.º 111 de 10 de xuño de 2011, publicouse o Acordo de 6 de maio de 2011, da Xefatura Territorial de Pontevedra da Consellería de Economía e Industria, polo que se somete a información pública a petición de autorización solicitada por Unión Fenosa Distribución, S.A. verbo das instalacións eléctricas para a Líña de Alta Tensión cuxo proxecto denomínase *“(L.A.T.) soterrada (dobre circuito) a 66 kV, de 3.540 metros de lonxitude, con orixe no novo apoio n.º 268 (paso aero-soterrado) da L.A.T. DC Tibo/Mourente e final na futura subestación de Barro”* (expediente IN407A 11/110-4).

XXVII) Na Addenda incorpóranse igualmente os Acordos plenarios adoptados polo concello de Barro en relación coa Estación Depuradora de Augas Residuais (EDAR), en sesións plenarias de 3 e 23 de marzo de 2011, nos que o concello acordou aceptala cesión da parcela 41 do SUI-1, realizada a título gratuito e libre de cargas, para a súa posterior cesión de uso ao IPESPO, co el fin de que este organismo público promova a construción da EDAR dando servizo ao conxunto industrial de Barro-Meis (SRAU-Industrial Outeda-Curro, SUI-1 Barro, y SUI-2 Meis).

XXVIII) Neste orde de antecedentes, cumpre salientar igualmente que o Consello Rector do IPESPO, en sesión celebrada o día 23 de febreiro de 2011, aprobou o expediente de contratación, por procedemento aberto, da redacción do proxecto e da execución da obra da devandita EDAR para o conxunto industrial de Barro-Meis, que sacou a licitación o 28 de febreiro por un importe total de 1.209.500 €.

XXIX) Por último, analízanse na Addenda elaborada polo equipo redactor os Informes solicitados ás empresas subministradoras dos servizos urbanos básicos en relación coa suficiencia das infraestruturas e servizos existentes e previstos.

Así, constátase a existencia no expediente municipal dun informe favorable da empresa que presta o servizo de telecomunicacións, TELEFÓNICA, con entrada no rexistro xeral do concello de Barro o día 22 de decembro de 2006 (R.E. n.º 2755).

Polo que atinxe ao servizo de abastecemento de auga potable e evacuación de augas residuais, e tendo en conta que no concello de Barro trátase de dous servizos municipais que son xestioados directamente pola propia administración municipal (xa que logo non existen empresas concesionarias dos mesmos), solicitouse o informe ao responsable técnico do concello, que foi emitido con carácter favorable o 26 de xullo de 2011.

E verbo do servizo de subministro de electricidade, obra tamén no expediente municipal un informe favorable da empresa que presta o subministro eléctrico, UNIÓN FENOSA, con entrada no rexistro xeral do concello de Barro o 21 de decembro de 2006 (Rexistro de Entrada n.º 2748).

2. FUNDAMENTOS DE DEREITO.

Producida a anulación xudicial do acordo plenario de 24 de agosto de 2006, polo que se deu aprobación definitiva ao Plan de sectorización de solo industrial SRAU Outeda-Curro, a situación procedimental na que se atopa o expediente tramitado debe retrotraerse ao momento anterior á adopción do devandito acordo, segundo o disposto no artigo 66 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e procedemento administrativo común, que consagra o principio de conservación daqueles actos e trámites cuxo contido se mantería igual de non terse cometido a infracción na resolución anulada.

Por tanto, e á vista do procedemento establecido no artigo 86 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, modificado polo artigo único 31 da Lei 2/2010, de 25 de marzo, a tramitación do procedemento iniciado para a aprobación do plan de sectorización tan só quedaría pendente de ultimar coa súa aprobación definitiva polo Pleno da corporación, órgano colexiado que resulta competente para tal decisión segundo o disposto nos artigos 86.f) e 89 da LOUGA, en relación co artigo 22.1.c) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Así pois, cumprimentados tódolos trámites de rigor previos á aprobación definitiva do plan de sectorización (aprobación inicial, información pública, notificación individual a tódolos propietarios dos terreos afectados, emisión dos informes sectoriais preceptivos, emisión dos pertinentes informes polos servizos técnicos e xurídicos municipais e, por último, a emisión do informe preceptivo e vinculante da Consellería de Medio Ambiente, territorio e infraestruturas, previo á aprobación definitiva do plan e que ten por obxecto o control da legalidade e a tutela dos intereses supramunicipais afectados así coma o control do cumprimento das determinacións establecidas nas directrices de ordenación do territorio e mais dos planes territoriais e sectoriais), entendemos que o documento integrante do plan de sectorización, xunto co asua Addenda, deberá ser novamente sometido a consideración do órgano plenario para que proceda, de se-lo caso, a súa aprobación definitiva.

Por outra banda, e á vista dos antecedentes expostos, conséntase que a Addenda elaborada polo equipo redactor tan só ten por obxecto xustificar, técnica e documentalmente, a suficiencia dos servizos urbanos e infraestruturas previstos polo plan de sectorización, limitándose a facer unha descripción deles, e, moi especialmente, dos servizos relacionados co Abastecemento de Auga Potable, Evacuación de Augas Residuais e o Subministro de enerxía eléctrica, tanto dos existentes con carácter previo ao proceso de desenvolvemento do sector como dos

proxeitados polo propio plan, incorporando asemade os distintos convenios institucionais que garanten a súa suficiencia así coma os informes das compañías subministradores eventualmente existentes.

A suficiencia destes servizos queda por outra banda acreditada polo avanzado grao de execución no que se atopan as respectivas obras proxectadas para a súa implantación, tal e coma así se describe na propia Addenda.

Así, e no que atinxe á rede de abastecemento de auga potable, atópanse en execución as obras de abastecemento exteriores ao conxunto industrial dende o río Chaín, de acordo coa Modificación do Proxecto Constructivo de Abastecemento de Auga ao Conxunto Industrial Barro-Meis, Pontevedra (Fase I), e que foron adxudicadas á empresa ESPINA OBRAS HIDRÁULICAS, S.A., estando xa executadas nunha porcentaxe do 75%.

Polo que respecta ás obras da fase II, e dicir, o depósito de regulación e máis a conducción dende éste ata o polígono industrial SRAU-I Outeda-Curro (que se incluían no orzamento do plan de sectorización e no correspondente proxecto de urbanización), atópanse asemade executadas nun 90%.

Ademais, a rede de abastecemento de auga interior ao sector xa está finalizada, de acordo co proxecto de urbanización.

En canto á infraestrutura de evacuación de augas residuais, é de salientar que a rede interior do polígono xa está rematada segundo o proxecto de urbanización, e no que respecta á rede exterior, lembrar que o Consello Rector do IPESPO, en sesión celebrada o día 23 de febreiro de 2011, xa aprobou o expediente de contratación, por procedemento aberto, para a redacción do proxecto e a execución da obra da Estación Depuradora de Agas Residuais (EDAR) para o conxunto industrial de Barro-Meis, que sacou a licitación o día 28 de febreiro pasado, por un importe total de 1.209.500 €.

E no que afecta á rede de subministro de enerxía eléctrica, tamén se constata, dunha banda, que a obra civil relativa á rede interior do polígono industrial xa está finalizada de acordo co proxecto de urbanización, e doutra, e no que atinxe á rede exterior, que o Consello Rector do IPESPO, en sesión celebrada o día 25 de marzo de 2011, tamén deu aprobación ao expediente de contratación, por procedemento aberto, da execución da obra “Proxecto de canalización da Líña de Alta Tensión L.A.T. 66 kV dende líña Tibo-Mourente ata subestación do complexo industrial de Barro-Meis”, que sacou a licitación o 29 de marzo por un importe total de 839.711,60 €.

En consecuencia, cabe colixir que a denominada “*Addenda para a subsanación de deficiencias en execución de sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de data 24 de febreiro de 2011, en relación co Plan de sectorización do SRAU Industrial Outeda-Curro, do Concello de Barro*”, non comporta modificación algunha do documento integrante do Plan de sectorización que foi inicialmente aprobado polo pleno da corporación e sometido a exposición pública, xa que logo o Plan de sectorización que agora sería sometido novamente a consideración do Pleno municipal

para a súa aprobación definitiva e o mesmo documento que foi obxecto de aprobación provisoria e, por tanto, o mesmo documento que foi informado favorablemente polo Departamento autonómico competente en materia de ordenación do territorio e urbanismo (Informe da Consellería de Política territorial, obras públicas e transportes, emitido con carácter previo á aprobación definitiva do Plan, de data 28 de xullo de 2006, e Informe da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras de 24 de novembro de 2011).

Por tanto, de conformidade co disposto no artigo 86.e) da LOUGA non sería preceptivo un novo trámite de exposición pública.

O asunto foi dictaminado en Comisión Informativa de Asuntos do Pleno de data 15/12/2011.

INTERVENCIONS

Polo Sr. Alcalde dase conta que co asesoramento xurídico dun abogado externo e o informe favorable da Consellería, se elaborou unha Addenda para dar cumprida resposta ó informe da Consellería emitido no seu día e os fundamentos da sentenza anulatoria do acordo de aprobación do plan do polígono, porque o que se trata e de asegurar a implantación de empresas nun momento de crise como o actual .

Toma a palabra o Sr. Fernández Abraldes, sinalando que o BNG ofreceu a súa colaboración na búsqueda dunha solución ó problema plantexado a raíz da recente sentenza do Tribuna Superior de Xusrtiza que anula o acordo da aprobación do polígono, que o Sr. alcalde trae a addenda e a proposta de acordo sin haber tido algunha conversa previa co seu grupo político; plantexa as súas dúbidas en relación da proposta do Alcalde que pode ter utilidade para ir capeando o problema mentras non resolve o Tribunal Supremo os recursos plantexados, pero que no caso de ser confirmatoria da anulación non haberíamos resolto nada para o futuro. Plantexa como outra alternativa e a solución definitiva, a nova tramitación para o polígono que garantiría a súa viabilidade e a perda de tempo para o caso de que a sentenza do Supremo fose confirmatoria da anulación; recorda o caso do porto de Marín , e remata a súa intervención sinalando que este é o punto de vista do seu grupo ante a proposta do alcalde da que en ningún momento se informou nin se pediu opinión.

Sr. Sanmartín Soto, sinala que non se concretou sobre a aprobación dun regulamento do que se había falado nunha reunión anterior; que nunha situación de crise como a actual, non quere ser o seu grupo unha traba para que o polígono siga adiante aínda que entende se podía haber feito mellor.

Sr. Alcalde, que neste caso fíxose unha utilización dos veciños para recurrir a aprobación do polígono, o 99 por cen dos veciños foron enganados porque a partir do plantexamento de evitar que viñera celulosas para Curro o abogado fixo o que lle pareceu.

Sometido a asunto a votación, ACÓRDASE por 8 votos a favor; votan os

Sres. Roig Olona, Varela Magariños, Fontán Outón, Iglesias González, M. Rivas Reboredo, Sr. Alcalde (PP) e Sr. Sanmartín Soto e Canay Pintos (PSOE) e 3 abstencións; votan os Sres. Fernández Abrales, R. Rivas Reboredo e Dna. María Xesús Castro Calviño (BNG):

Primeiro.- Tomar razón do Informe favorable suscrito en data 24 de novembro de 2011 pola Secretaría xeral de Ordenación do territorio e Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, emitido en relación ao documento denominado *“Addenda para a subsanación de deficiencias en execución de sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de data 24 de febreiro de 2011, en relación co Plan de sectorización do SRAU Industrial Outeda-Curro, do Concello de Barro”*, redactado pola mercantil Enxeñeiros e Arquitectos Consultores IDOM S.L., e asinado en data 11 de novembro de 2011 polos arquitectos D. Daniel González Franco e Dna. Matilde Álvarez Rodríguez, dando así por cumprimentados os condicionamentos formulados no Informe previo da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes da Xunta de Galicia, de 28 de xullo de 2006, emitido con carácter previo á Aprobación definitiva do Plan de sectorización do Sóló Rústico Apto para Urbanizar Industrial, no lugar de Outeda, do Concello de Barro.

Segundo.- Prestar aprobación definitiva ao documento integrante do Plan de sectorización de Solo urbanizable Industrial Outeda –Curro, redactado polo enxeñeiro de Camiños, canles e portos D. José M. Nieto Matamoros, da empresa Enxeñeiros e Arquitectos Consultores IDOM S.A., que foi obxecto de aprobación provisional polo Pleno da Corporación municipal en sesión de 10 de maio de 2006, xunto coa antedita *“Addenda para a subsanación de deficiencias en execución de sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de data 24 de febreiro de 2011”*, que forma parte integrante do Plan de sectorización do SRAU Industrial Outeda-Curro.

Terceiro.- Comunicar á Consellería competente en materia de ordenación do territorio e urbanismo o acordo de aprobación definitiva, dando traslado dunha copia autenticada de dous exemplares do instrumento aprobado definitivamente, con tódolos planos e documentos que o integran e o expediente tramitado, debidamente diligenciados polo Secretario do Concello.

Cuarto.- Ordena-la publicación do acordo de aprobación definitiva do plan de sectorización no Diario Oficial de Galicia e o documento que contén a normativa e ordenanzas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.”

3.-APROBACION INICIAL DA MODIFICACION PUNTUAL Nº2 DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL.

A seguir dáse conta dos antecedentes que constan no expediente:

1.-En Sesión plenaria de data 09/09/08 acordouse a adxudicación definitiva do contrato de de servicio da redacción da Modificación Puntual nº 2 do PXOM.

2.- Con data 01/10/08 asinause o correspondente contrato.

3.- En sesión plenaria de data 27/11/08 o Sr. Alcalde da conta que pola empresa redactora da modificación puntual nº2 se presentou borrador da mesma.

4.- Con data 14/01/09 enviouse a Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible o documento da Modificación Puntual nº 2 do PXOM para acordo sobre a procedencia ou non da avaliación ambiental.

5.- Pronunciamento sobre a necesidade de sometimento a avaliación ambiental da D.X. de Desenvolvemento Sostible comunicado o concello con data 13/02/09

6.- Con data 24 /03/09 a empresa redactora presenta no concello copia do documento de inicio da Modificación Puntual.

7.-Envío á Secretaria Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental con data 7/10/09 de copia do documento da Modificación Puntual nº2 do PXOM

8.- A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras remite o concello o documento de referencia da M.P.Nº 2 aprobado por Resolución da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental de data 22/01/10.

9.- Con data 26/05/10 presenta o redactor da Modificación Puntual: documento I.Memoria; documento II. Planos; Informe de Sostibilidade Ambientale e Anexo V. Cartografía.

10.- Informe previo a Aprobación inicial do proxecto de modificación puntual do PXOM emitido pola Dirección Xeral de Urbanismo da COTOPT de data 15.09.2010.

11.- Acordo da Xunta de Goberno Local de data 17.02.2011 sobre adxudicación á empresa Arnaiz Consultores, S.L. do contrato de servizos consistente en confección Ordenación Pormenorizada que afecta ó equipamento deportivo que se atopa delimitado pola Modificación Puntual nº 2 do PXOM.

12.- Protocolo de intencións entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras e o Concello de Barro para o trazado dun novo viario no lugar de Valbón de data 15.07.2011.

13.- En data 7 de decembro a empresa ARNAIZ S.L. presentou documento para aprobación inical da Modificación Puntual do PXOM de Barro e copias do informe de Sostentabilidade Ambiental de dita modificación puntual.

O asunto foi dictaminado en Comisión Informativa de Asuntos do Pleno de data 15/12/2011.

O Sr. Alcalde da conta do documento da Modificación Puntual nº 2 na que se trata de ordenar o ámbito da cidade deportiva; a zona de equipamentos en Santo Antoniño e a circunvalación que vai de Valbón a Portela respetando en todo caso o

trazado do Camiño Portugues.

Sr. Fernandez Abrales, que lle parecen positivos algunhos dos aspectos do documento da modificación puntual pero matiza outros aspectos: o que o Alcalde denomina circunvalación en realidade non o é porque non se trata de desviar o tráfico da estrada N-550 por Valbón e Portela porque produciría un impacto de tráfico inasumible por esa zona; algun dos planos incluídos no documento non se corresponden coa realidade, son antigos e non recollen vivendas nin edificios de vivendas existentes; o levantamento topográfico encargado polo concello tratase dun traballo detallado da zona estudada pero o resultado do mesmo non está incorporado nos planos da modificación puntual; polo que se refire á zona de equipamento de Santo Antoniño recóllense as consideracións do informe da Consellería contrario a compatibilidade do uso de equipamento co uso residencial e recorda que tamén existe informe da Xunta de Galicia do que se deduce a innecesariedade de tramitar unha modificación do planeamento para a viabilidade dunhas instalacións deportivas; fai referencia a supresión do vial en Santo Antoniño que dá acceso a biblioteca, edificio de pedra, colexio público, garaxe e portais de edificio de vivendas, que quedaria como zona verde; e tendo en conta a supresión da previsión de solo para unha central de biomasa e discutible a necesidade de gastar na tramitación dunha modificación puntual a non ser que esté pensada para darlle sentido a obra da ponte sobre o río Areal xa construída.

Sr. Sanmartín Soto, considera positivo a modificación da edificabilidade para equipamento en Santo Antoniño pero as outras modificacións incluídas no documento considera que son negativas según a opinión de veciños con que tratou o tema, e remata a su a intervencións sinalando que a única xustificación que lle ve o documento da modificación e para darlle unha saída á ponte construída sobre o río Areal sin estar previsto ningún vial no planeamento municipal.

Sometido o asunto a votación, ACÓRDASE por 6 votos a favor; votan os Sres. Roig Olona, Varela Magariños, Fontán Outón, Iglesias González, M. Rivas Reboredo e Sr. Alcalde (PP); 2 votos en contra; votan os Sres. Sanmartín Soto e Canay Pintos (PSOE) e 3 abstencións; votan o Sres. Fernández Abrales, R. Rivas Reboredo e Castro Calviño (BNG):

Primeiro.- Aprobar inicialmente a Modificación Puntual nº 2 do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Barro, redactado pola consultoría ARNAIZ Consultores S.L. en data novembro de 2011.

Segundo.- Aprobar inicialmente o Informe de Sustentabilidade Ambiental (ISA) e sometelo ás consultas previstas no documento de referencia.

Terceiro.- En cumprimento do establecido no art. 85.2 da Lei 9/2002 de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural, art. 10 da Lei 9/2006 de 28 de abril sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas, art. 7.5 da Lei 6/2007 de 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, someter o documento da modificación do PXOM, o

Informe de Sustentabilidade Ambiental (ISA) e o expediente a información pública durante o prazo de dous meses mediante a publicación de anuncio no Taboleiro de Edictos do concello, no Diario Oficial de Galicia e en dous dos xornais de maior difusión na provincia, dándolle audiencia durante o mesmo prazo aos municipios limítrofes.

Cuarto.- Solicitar das Administracións públicas competentes os informes sectoriais que resulten necesarios.

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

Sr. Fernandez Abrales, en relación coas obras de recheo para un campo de fútbol no castro do monte da Chan en Agudelo do que se falou no pleno anterior, quere aclarar que consultado o informe do Aparellador municipal citado polo Sr. Alcalde chegou a conclusión de que se trata dun informe posterior ó comezo das obras, que non entra en cuestións que corresponden a Patrimonio polo que non lexítima nin xustifica para nada a realización de obras para un campo de fútbol nun castro.

Sr. Sanmartin Soto, pregunta si non se vai a facer algun tipo de rotonda ou sistema de incorporación dende a estrada N-550 a rua que baixa ata o tanatorio.

Sr. Alcalde, que este é un tema estudado e falado dabondo.

Sr. Sanmartin Soto, sinala que o vial que dende a estrada de Vilagarcía leva ata o lugar de Couso ten moitos baches no seu primeiro tramo e roga se solicite a Deputación o seu arranxo.

Sr. Alcalde, que o vial foi reparado polo concello previa redacción dun proxecto tendo que conseguir por expropiación parte dos terreos necesarios.

Sr. Sanmartin Soto, pregunta si o proxecto da estrada PO-531 de Vilagarcía a Pontevedra ten previsto a rede de saneamento.

Sr. Alcalde, aclara que o proxecto leva incluída a previsión de todos os servizos.

Sr. Sanmartin Soto, pregunta polo previsión de enganche de vivendas ó saneamento feito en Curro e Portela.

Sr. Alcalde, que se esta estudando o problema do suministro eléctrico á depuradora e para concretar logo as vivendas que poden conectar directamente e cales necesitarían bombeo.

Sr. Sanmartin Soto, pregunta si no orzamento da Xunta de Galicia para o ano 2012 está incluída algunha inversión para o concello de Barro como podería ser o caso do campo de fútbol e a ampliación do saneamento xa que dende o grupo do PSOE se presentaron enmendadas.

Sr. Alcalde, que os campos de fútbol de herba sintética provocan lesións.

Sr. Sanmartin Soto, que entón todos os campos de fútbol de herba sintética que a Deputación leva feitos en varios concellos son un problema e tamén sinala que nos campos de terra tamén se producen lesións dos xogadores.

Sr. Sanmartin Soto, pregunta que tipo de cargo ten David Landin, fillo do Alcalde, para utilizar incluso o despacho do Alcalde, aclarando que fai esta pregunta porque lle foi plantexado o asunto por algúns veciños.

Sr. Alcalde, que non ten ningún cargo e que bota unha man na organización da festa do viño porque coñece o sector.

A sesión rematou ó fio das vinteunha horas Dou fe.